



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA PLURILINGÜE
DE AMES



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE DE AMES

Curso 2022/2023

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE DE AMES

ÍNDICE.

- 1.- Introducción.
- 2.- Fundamentos do plan de convivencia.
- 3.- Obxectivos para lograr a implicación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- 4.- Funcións dos membros da Comunidade Educativa.
- 5.- Criterios de actuación con alumnado que presente alteracións de conduta que dificulten a convivencia escolar.
- 6.- Normas e procedementos de resolución de conflitos.
- 7.- Avaliación e seguimento do plan.

1.- INTRODUCCIÓN.

No proceso de elaboración deste plan tivemos en conta a normativa vixente, a opinión e propostas da comisión de convivencia (e as conclusións as que chegaron en diferentes xuntanzas), a opinión do claustro de profesorado, a do departamento de orientación e as suxestións recollidas pola xunta de delegados/as.

2.- FUNDAMENTOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Dende a LOE, lei 2/2006 do 3 de maio, de educación, recóllese o seguinte principio: " A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social".

Fundamentaremos, pois, este plan no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

Entenderemos a educación como un exercicio de tolerancia, de convivencia, de resolución pacífica de conflitos, de formación para a paz, de respecto aos dereitos humanos e de adquisición de valores que propicien a consideración cara aos seres vivos e o medio ambiente.

Procuraremos no noso alumnado o fortalecemento das súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da vida, o rexeitamento dos prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas. Tamén que consoliden a súa madurez persoal e social, que actúen de xeito responsable e que desenvolvan o seu espírito crítico. Ademais de que aprendan a traballar en equipo, sempre fomentando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Nestes momentos, no IESP de Ames contamos cunha comisión de convivencia constituída no seo do Consello Escolar composta por: directora, xefa de estudos, unha representante do profesorado, un representante das familias e un representante do alumnado.

Neste plan recolleranse propostas de actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo. E tamén obxectivos como a necesidade de coñecer e valorar as características de cada grupo de alumnos/as, de integrar ao alumnado novo e de contribuír a unha formación integral onde as familias teñan, ademais, un papel relevante.

Ademais este curso recóllese xa a figura de coordinador/a de benestar, que servirá para reforzar e mellorar a convivencia no centro.

Estamos, igualmente, formando a un equipo de mediadores/as para a súa intervención pacífica en conflitos entre iguais.

3.- OBXECTIVOS PARA LOGRAR A IMPLICACIÓN DOS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

a) Obxectivos xerais:

- Mellorar a convivencia no centro.
- Establecer relación baseadas na co-responsabilidade e no traballo en equipo.
- Favorecer o benestar de todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.
- Promover un clima escolar que favoreza positivamente os procesos de ensino e aprendizaxe.

b) Obxectivos específicos:

- Tratar o tema da convivencia na CCP, claustro e consello escolar como punto da orde do día.
 - Fomentar a resolución pacífica de conflitos promovendo o papel fundamental do departamento de orientación nestes temas.
 - Recoller no Plan de Acción Titorial diferentes accións destinadas a favorecer a cultura do respecto e diálogo entre profesorado e alumnado.
 - Favorecer a formación promovendo grupos de traballo de profesorado, seminarios permanentes... no centro, relacionados con temas de convivencia.
- Algunhas propostas de traballo nesta liña poderían ser:
- Colaboración con outras entidades: concello, garda civil, ONGs...
 - Elaborar unha proposta de actuación contra a violencia de xénero (que será encargada á comisión de igualdade home/muller, tamén constituída por membros do consello escolar).
 - Facilitar información ás familias.
 - Elaborar diferentes protocolos de actuación ante posibles alteracións da convivencia.

4.- FUNCIÓNS DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

a) Consello escolar: participará a través da comisión de convivencia.

b) Equipo directivo: elaborará e coordinará as propostas levadas a cabo, e organizará actuacións.

c) Claustro: participará na elaboración de propostas e comprometerase a respectar o plan.

d) Alumnado: coñecerá e respectará o plan de convivencia.

e) Coordinador/ de benestar: velará polo alumnado.

f) Equipo de mediadores/as: buscará solucións pacíficas aos conflitos entre iguais.

5.- CRITERIOS DE ACTUACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Unha vez diferenciados os casos de acoso escolar doutras posibles manifestacións violentas, o centro ten a obriga de activar o protocolo de acoso escolar, ó mesmo tempo que arbitrará medidas de actuacións complementarias que resten os efectos negativos da situación de acoso e evitar que se repitan.

6.- NORMAS E PROCEDIMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

As normas de convivencia concretan os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa e establecen as condutas contrarias á convivencia, así como as correccións que corresponden ó seu incumprimento. Están recollidas nas NOF.

7.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.

Despois de realizar unha avaliación inicial do centro (na que se recolle información da realidade existente), das aportacións dos diferentes membros da comunidade educativa, da opinión do alumnado (mediante a realización dunha enquisa), e das actuacións sobre convivencia máis repetidas no centro, repartiremos o traballo da seguinte maneira:

- A comisión de convivencia elaborará un informe sobre a mesma e presentaráo no Consello Escolar. Neste informe recolleranse as incidencias e actuacións realizadas durante o curso.
- O departamento de orientación terá reunións periódicas con titores/as e xefatura de estudos para vixiar o cumprimento do plan de acción tutorial, revisado cada ano académico.
- Coa finalización de cada período escolar elaborárase un documento que nos permita analizar o grao de consecución dos obxectivos.